

IES SAN TOMÉ DE FREIXEIRO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

1º de E.S.O.

Curso 2019-20

ÍNDICE

1- PROXECTO CURRICULAR DE XEOGRAFÍA E HISTORIA	3
2- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	3
3- OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA.....	3
4- METODOLOXÍA DIDÁCTICA NA E.S.O	5
5- PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	5
5.1- SISTEMA DE CUALIFICACIÓN.....	6
5.2- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	6
5.3- AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE	6
5.4- AVALIACIÓN INICIAL	7
6- PUBLICIDADE AO ALUMNADO E PAIS.....	7
7- PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN.....	8
7.1. PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN DURANTE O CURSO	8
8 - CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR DO CENTRO	8
8.1. AVALIACIÓN DO PLAN LECTOR.....	8
9- CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS TIC	9
9.1. UTILIZACIÓN DAS TIC NA MATERIA DE XEOGRAFÍA E HISTORIA	10
10. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DOCENTE.....	11
11- PROGRAMACIÓN DE XEOGRAFÍA E HISTORIA	12
11.1. CONTIDOS E METODOLOXÍA NA LOMCE	12
11.1.1- PRIMEIRO CURSO.....	13
11.1.1.1. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN.....	14
11.1.1.2. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN,	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMP. CLAVE
11.1.1.3. Concreción de estándares e INDICADORES DE LOGRO	21
11.1.1.4. MAPAS DE UNIDADES DE RELEVO.....	24
11.1.1.5. COMPETENCIAS CLAVE E A SÚA AVALIACIÓN	26

1. PROXECTO CURRICULAR DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

Comprende a materia de Xeografía e Historia nos dous ciclos da ESO:

1º CICLO: 1º, 2º e 3º de ESO.

2º CICLO: 4º de ESO.

2. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

2.1. LIBRO DE TEXTO:

1º de ESO : "Xeografía e Historia". Editorial ANAYA

ISBN: 978-84-678-5183-0

2.2. MATERIAIS DO PROFESORADO:

Ademáis do libro de texto dispónse da guía para o profesor e actividades para o alumnado elaborada polas editoriais correspondentes para cada nivel educativo, máis os materiais de elaboración propia de cada profesor ou profesora segundo a súa wprogramación de aula.

Tamén pódese acceder ós materiais curriculares dixitais das editoriais correspondentes.

3. OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a

cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuindo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

4. METODOLOXÍA DIDÁCTICA NA E.S.O.

A metodoloxía máis apropiada para esta etapa é a baseada no construtivismo. Trátase pois dunha **metodoloxía activa e participativa**, de carácter comprensivo. Nestas idades é preciso tamén ter en conta os estudos de Piaget sobre o desenvolvemento cognitivo, por tanto, para manter a atención dos alumnos, convén alternar a explicación do profesor (non máis de 20 minutos de exposición maxistral) coa realización de actividades por parte dos alumnos na mesma sesión.

Prestarase unha atención especial á **adquisición das competencias clave** fomentando a **correcta expresión oral e escrita**. É importante tamén utilizar as TIC como formas alternativas de buscar información. Coa finalidade de promover a comprensión lectora e o uso da información dedicarase un tempo á lectura e ás TIC.

Deberase favorecer o **traballo individual e cooperativo** do alumnado polo que neste ensino activo e de indagación deben incluírse tamén os **traballos en grupo dentro da aula**. Este tipo de actividade require un control rigoroso do traballo por parte do profesorado que terá que avaliar os resultados obtidos polos distintos compoñentes do equipo. É aconsellable que o profesorado fixe con antelación que se vai avaliar e llelo comunique aos alumnos.

Preténdese tamén que o alumnado domine, ao final do curso escolar, un **vocabulario específico** das materias. Hai que ter en conta que a materia inclúe dúas disciplinas diferentes cunha epistemoloxía propia: **Historia e Xeografía**. Deberán adquirir o **vocabulario básico** que lles habilite para o afondamento nestas materias no futuro.

A adquisición do vocabulario farase do máis sinxelo ao máis complexo, establecendo unha gradación da dificultade nos mesmos temas ao longo da etapa. Ao final de cada unidade introducirase unha **actividade de síntese** a través da cal o alumnado deberase lembrar do vocabulario xa estudado.

Utilizarase na medida do posible o contorno próximo nos temas relacionados coa xeografía ou a arte, e a **contextualización dos períodos históricos** no estudo de tódalas materias da etapa. Por iso é fundamental a utilización de **eixes cronolóxicos**, esquemas e resumos.

5. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación do proceso de aprendizaxe constitúe unha fase fundamental do proceso educativo, terá carácter formativo e orientador e levarase a cabo tendo en conta os diferentes elementos do currículo: as competencias básicas, os obxectivos, os contidos e os

criterios de avaliación especificados para cada curso e ciclo desta etapa educativa.

A avaliación positiva requirirá que o alumnado:

- Domine os contidos mínimos en relación aos criterios de avaliación sinalados.
- Sexa capaz de desenvolver un traballo diario na clase.
- Elabore informes pulcros e claros.
- Participe activamente nos traballos en grupo.
- Adquira o vocabulario específico da materia tratada.

A LOMCE presenta importantes innovacións no que se refire ó proceso avaliativo establecendo unha gradación que atende a todos os aspectos da avaliación:

AVALIACIÓN DE CONTIDOS, mediante probas de control coas que se poderá comprobar o nivel de adquisición dos principais **conceptos e procedementos**.

AVALIACIÓN POR COMPETENCIAS, mediante probas que avalían o grao de adquisición das **competencias clave**.

RÚBRICAS DE AVALIACIÓN, mediante un documento para cada unidade didáctica que rexistre o grao de avance do alumnado de acordo cos **estándares de aprendizaxe**.

AVALIACIÓN EXTERNAS DE FIN DE ETAPA en primaria e secundaria. Establécense catro **avaliacións externas**, dúas en Primaria (cursos 3º e 6º) con carácter de diagnóstico, e dúas en Secundaria e Bacharelato (4º de ESO e 2º de Bacharelato) con efectos académicos, xa que se o alumnado non as supera no poderá obter o título de Graduado en ESO e de Bacharelato respectivamente.

5.1 SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

Os resultados da avaliación na E.S.O. expresaranse nos termos seguintes: insuficiente (IN), suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) e sobresaliente (SB), acompañadas dunha cualificación numérica na escala do 1 ao 10, sen cifras decimais, considerándose cualificación negativa o insuficiente e positivas as restantes, correspondendo ao IN do 1 ao 4, ao SU o 5, ao BE o 6, ao NT o 7 e 8 e ao SB o 9 e 10.

A cualificación final será a media aritmética das tres avaliacións. Cando a nota media das avaliacións resulte con números decimais aproximarase ao número enteiro máis próximo. Por exemplo, dende 4 a 4,5 aproximarase a 4. Dende 4,6 a 4,9 aproximarase a 5.

En caso de que un alumno ou alumna sexa sorprendido copiando nalgún control será cualificado/a nesa proba cun 0.

En cada avaliación o profesorado terá en conta, ademais da nota das probas, as actividades desenvolvidas na aula, que contribuirán a subir a cualificación.

5.2. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Serán variados, incluíndo:

- Probas obxectivas
- Exposicións orais
- Temas a desenvolver
- Elaboración e comentarios de gráficas, táboas, organigramas e eixes cronolóxicos.
- Traballos individuais e en equipo.
- O caderno de clase.

5.3. AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

Na LOMCE as Competencias son un conxunto integrado de capacidades (coñecementos, estratexias, destrezas, habilidades, motivacións, actitudes...) que o alumnado debe desenvolver para dar resposta ós problemas cotidianos. Baseándose no Marco de Referencia Europeo para as **competencias clave na aprendizaxe permanente** (Recomendación 2006/962/EC do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de decembro de 2006), a LOMCE define sete

competencias que o alumnado debe adquirir ó final da súa traxectoria académica:

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CL): É a habilidade para expresar e interpretar conceptos, pensamentos, sentimentos, feitos e opinións de forma oral ou/e escrita (escoitar, falar, ler e escribir), e de interactuar lingüísticamente dun xeito adecuado e creativo en todos os contextos.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMTC): Integra a habilidade de aplicar os conceptos matemáticos, coa finalidade de resolver problemas en situacións cotidianas, xunto coa capacidade de aplicar o coñecemento e o método científico para explicar a natureza.

COMPETENCIA DIXITAL (CD): Implica o uso seguro e crítico das tecnoloxías da información e a comunicación na formación, o traballo e o lecer.

APRENDER A APRENDER (AA): Engloba as habilidades necesarias para aprender, organizar a propia aprendizaxe e xestionar o tempo e a información eficazmente, xa sexa de forma individual ou en grupo.

COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA (SC): Recolle os comportamentos que preparan ás persoas para participar dunha maneira eficaz e construtiva na vida social, profesional e cívica, nunha sociedade cada vez máis diversificada e plural.

SENTIDO DE INICIATIVA E EMPRENDEMENTO (IE): Fai referencia á habilidade de cada persoa para transformar as ideas en actos, poñendo en práctica a súa creatividade, á capacidade de innovación e asunción de riscos, ás aptitudes necesarias para a planificación e a xestión de proxectos.

CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAL (CEC): Implica apreciar a importancia da expresión creativa de ideas, experiencias e emocións a través de distintos medios (música, literatura, artes escénicas, artes plásticas...)

5.4. AVALIACIÓN INICIAL

Para a realización da avaliación inicial, cada profesor ou profesora elaborará e cualificará unha proba que medirá as competencias clave dos cursos anteriores, cuxos resultados serán rexistrados documentalmente.

Data prevista de realización:

mes de outubro

Descrición do tipo de proba:

Para a realización da avaliación inicial, cada profesor ou profesora elaborará e cualificará unha proba que medirá as competencias clave dos cursos anteriores, cuxos resultados serán rexistrados documentalmente.

Mecanismo para informar ás familias:

Profesorado que imparte clase en cada grupo

Consecuencias dos resultados da proba:

Trátase dunha proba de tipo diagnóstico polo que o profesorado que imparte clase en cada grupo deberá valorar o grao de competencia do seu alumnado e levar a cabo as medidas correctoras que estime oportuno.

AVALIACIÓN CONTINUA

Periodicidade coa que se farán probas escritas (cada cantos temas, cantas por trimestre ou avaliación, etc.)

Realizarase como mínimo unha proba escrita por avaliación. O número de probas e o número de temas que entrarán en cada proba déixase a criterio de cada profesor/a.

Como se cualifican as probas, os traballos individuais ou colectivos, o traballo no caderno de clase, a observación do traballo na aula (ponderación, redondeo...)

A cualificación deste tipo de probas servirá para redondear a nota da avaliación cando esta resulte con números decimais. En caso de que un alumno ou alumna sexa sorprendido copiando nalgún control será cualificado/a nesa proba cun 0.

Como se calcula a cualificación de cada unha das avaliacións (ponderación, redondeo...)

A cualificación final será a media aritmética das probas realizadas nesa avaliación. Cando a nota media resulte con números decimais aproximarase ao número enteiro máis próximo, redondeando ó alza ou á baixa segundo a cualificación do traballo realizado polo alumnado.

Mecanismo/s para recuperar unha proba non superada (no seu caso)

Mecanismo/s para recuperar unha avaliación non superada

Haberá UN EXAME de recuperación para CADA AVALIACIÓN que poderá ser despois de cada avaliación ou ó final de curso. O profesorado de cada materia decidirá a data de realización de dito exame.

É obrigatorio presentarse ao exame de recuperación para todos os alumnos e alumnas que obtiveran unha nota inferior a 4,5 na media da avaliación correspondente. A nota a considerar para a media final, será a máis alta, entre media da avaliación e a da propia recuperación, agás os casos nos que no exame de recuperación teñan unha nota máis de 1,5 inferior á obtida na media da avaliación correspondente.

Como se calcula a cualificación final da materia na avaliación ordinaria:

A cualificación final será a media aritmética das tres avaliacións. Cando a nota media das avaliacións resulte con números decimais aproximarase ao número enteiro máis próximo. Por exemplo, dende 4 a 4,5 aproximarase a 4. Dende 4,6 a 4,9 aproximarase a 5.

6. PUBLICIDADE AO ALUMNADO E PAIS

En cumprimento da Orde 21 decembro 2007 (DOG 7 xaneiro 2008-artigo 8º1), ao comezo do curso cada profesor ou profesora dará a coñecer aos seus alumnos os contidos desta programación, informando aos grupos nos que vai impartir clase, especialmente de:

- Os obxectivos, contidos e criterios de avaliación esixibles para superar a materia.
- Os criterios de cualificación, procedementos e instrumentos de avaliación que se utilizarán, incluíndo o programa de recuperación de materias pendentes de cursos anteriores.

Ademais, o alumnado e os pais poderán ter acceso ao contido desta programación e aclarar calquera dúbida relacionada coa materia dirixíndose en primeiro lugar á xefatura de estudos do centro e en segundo lugar á xefatura do departamento.

7. PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN

7.1 PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN DURANTE O CURSO

Haberá UN EXAME de recuperación EN CADA AVALIACIÓN. O profesorado de cada materia decidirá a data de realización de dito exame.

Para o alumnado que perda o dereito á avaliación continua por faltas de asistencia, HABERÁ UN EXAME FINAL en xuño, que determinará o departamento.

Proba extraordinaria de setembro: O alumnado que suspenda a materia en xuño ten dereito a unha proba extraordinaria en setembro cuxas datas serán establecidas pola Xefatura de Estudos.

Consistirá en 5 PREGUNTAS: Unha pregunta será de vocabulario, dúas serán prácticas e dúas teóricas.

Descrición do tipo de proba: número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.

En 1º DE ESO a proba consistirá en 5 PREGUNTAS: Unha pregunta será de vocabulario, dúas serán prácticas e dúas teóricas.

Como se calcula a cualificación

Cada pregunta valorarase en 2 puntos

8. CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR DO CENTRO

O Currículo de Educación Secundaria de Galicia, no seu Anexo IV, establece o Proxecto Lector do Centro: "...O profesorado de todas e cada unha das áreas e materias de todos os niveis educativos, **incluírá nas súas programacións as actividades previstas no proxecto segundo a temporalización que nel se acorde**, determinando a dedicación real dun tempo mínimo diario para a lectura e a inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura e da escritura...". "...Realízase unha avaliación continuada dos avances ou dificultades da posta en marcha do proxecto e das súas concrecións nos plans anuais de lectura. Para a avaliación de aspectos relacionados co hábito lector teranse en conta non só os índices de lectura, senón tamén a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria e ser quen de enfrontarse a textos cada vez máis complexos, así como a súa actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal".

Existen catro dimensións xerais da competencia lingüística, que son:

- **Falar e escoitar**, é dicir, ser competente na expresión e comprensión de mensaxes orais que se intercambian en situacións comunicativas diversas.
- **Ler**, é dicir, ser competente á hora de comprender e usar textos diferentes con intencións comunicativas tamén diferentes.
- **Escribir**, é dicir, ser competente á hora de compoñer diferentes tipos de texto e documentos con intencións comunicativas diversas.

8.1. AVALIACIÓN DO PLAN LECTOR

O dominio e progreso das competencias lingüísticas nas dimensións de falar e escoitar, e ler e escribir, terá que comprobarse a través do uso que fai o alumnado en situacións comunicativas diversas. Poden servir de pautas os seguintes exemplos de situacións, actividades e tarefas, que na súa maioría se realizan diariamente e que se poden considerar para avaliar a consecución desta competencia:

FALAR E ESCOITAR

- Presentación de debuxos, fotografías, mapas etc. coa intención de que o alumnado, individualmente ou en grupo reducido, describa, narre, explique, razoe, xustifique, valore a propósito da información que ofrecen estes materiais.
- Presentación pública, por parte do alumnado, dalgunha produción elaborada persoalmente ou en grupo, sobre algúns dos temas que poidan tratarse en clase.
- Exposición en voz alta dunha argumentación, dunha opinión persoal, dos coñecementos que se teñen arredor algún tema puntual, como resposta a preguntas concretas ou a cuestións máis xerais, como poden ser: "Que sabes de...?", "Que pensas de...?". "Que queres facer con...?". "Que valor das a...?". "Que consello darías neste caso?".

LER

- Facer **lectura en voz alta**, en todas as sesións de clase, da parte correspondente aos contidos que hai que tratar nesa sesión, do libro de texto ou calquera outro documento usado como recurso, e avaliar certos aspectos como: velocidade, entonación, corrección, ritmo, fonética.
- A partir da lectura do enunciado das actividades que hai que desenvolver, obter a idea principal da cuestión que se propón, para poder dar a resposta adecuada. Sobre todo, da lectura dos enunciados dos exercicios.
- A partir da lectura dun texto determinado (periódico, revista...), indicar que cadro, que representación, que gráfico, que título de

entre diversos posibles é o máis adecuado para o conxunto do texto ou para algunha parte, e extraer conclusións.

- Busca e realización de biografías de grandes personaxes e lectura de parte destas.

ESCRIBIR

- Compoñer un texto libre sobre un determinado tema, a partir dalgunha razón que o faga necesario.
- A partir da lectura dun texto determinado, elaborar un resumo.
- Escribir ao ditado ou realizar outro exercicio ou actividade que o profesor pode propoñer en calquera momento como complemento aos contidos tratados nas sesións de traballo.

9. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

O Currículo de Educación Secundaria de Galicia, tamén establece un plan de introdución das TIC no Anexo VI (páx. 422): "**...resulta necesaria a creación dun Plan de integración das tecnoloxías da información e a comunicación a nivel de centro e de aula** coa participación activa de todo o equipo docente que, **unha vez aprobado, se incorporará á programación xeral anual de centro**, e a súa avaliación, á memoria deste. Cada proxecto será único atendendo ás características e ás posibilidades que se poden acadar tendo en conta a situación xeográfica, o tipo de alumnado, a formación do profesorado e as infraestruturas dispoñibles..."

As TIC ofrecen ao alumnado a posibilidade de actuar con destreza e seguridade na sociedade da información e comunicación, aprender ao longo de toda a súa vida e comunicarse sen limitacións das distancias xeográficas nin dos horarios ríxidos dos centros educativos. Ademáis, pode utilizalas como ferramentas para organizar a información, procesala e orientala cara á aprendizaxe, o traballo e o ocio.

Pódense establecer as seguintes dimensións para agrupar estas competencias no currículo escolar:

- O uso de SISTEMAS INFORMÁTICOS
- O uso de INTERNET
- O uso de PROGRAMAS BÁSICOS.

9.1. UTILIZACIÓN DAS TIC NA MATERIA DE CIENCIAS SOCIAIS

As novas tecnoloxías teñen cabida na materia de CIENCIAS SOCIAIS, desde a proxección mediante o canón de video de diapositivas, documentais ou presentacións en **PowerPoint**, ata a busca e selección de información en **internet**, utilización de **follas de cálculo** e **procesadores de texto**, ou desenvolvemento dunha **páxina web** por un grupo de alumnos e alumnas. Por exemplo :

- Uso de procesadores de texto para redactar, revisar a ortografía, facer resumes, engadir títulos, imaxes, ligazóns, gráficos e esquemas sinxelos.
- Usos sinxelos das follas de cálculo para organizar a información (datos) e presentalade forma gráfica.
- Utilización de programas de correo electrónico.
- Uso de programas navegadores e de enciclopedias virtuais.
- Usos sinxelos de programas de presentación (PowerPoint ou similares).
- Internet: busca e selección crítica da información.
- Entre as páxinas web dispoñibles que podemos utilizar selecciónanse as seguintes:

[http:// librosvivos.net](http://librosvivos.net)

[http:// www.secundaria.profes.net/](http://www.secundaria.profes.net/)

[http:// www.smconectados.com/](http://www.smconectados.com/)

<http://www.geohistoria.net>

<http://www.socialesweb.com>

<http://www.gh.profes.net>

<http://www.ine.es>

<http://www.artehistoria.com>

<http://www.marm.es>

<http://www.cnice.es>

<http://www.IGE>

<http://www.ub.es/histodidactica/links.htm>

http://www.bnm.me.gov.ar/e-recursos/sitios_interes/ciencias_sociales.php

<http://www.profesorfrancisco.es/>

http://contenidos.educarex.es/sama/2010/csociales_geografia_historia/index.html

10. PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN DOCENTE

O procedemento para realizar o seguimento da programación e a súa avaliación farase coincidir coas sesións de avaliación, nas que se considerarán, entre outros, os seguintes aspectos:

Sesión de avaliación tras a avaliación inicial.

Nesta sesión de avaliación, como consecuencia da valoración realizada na avaliación inicial, estudarase se a planificación prevista é a adecuada no tocante a:

- Se o alumnado posúe os coñecementos previos necesarios para abordar esta programación docente e, no caso contrario, medidas que se adoptarán.
- Os contidos que se desenvolverán e a súa secuenciación.
- Se as estratexias metodolóxicas previstas son as máis adecuadas para este grupo.
- A organización temporal prevista.
- Se o tipo de actividades previstas é o adecuado ao grupo de alumnado.

Sesións da primeira e segunda avaliación.

Nestas sesións de avaliación analizarase o desenvolvemento da programación docente valorando os seguintes aspectos:

- Se o alumnado vai adquirindo os coñecementos e competencias previstos.
- Se a súa organización temporal está sendo a adecuada.
- Se as estratexias metodolóxicas desenvolvidas son as máis adecuadas.
- Balance xeral e propostas de mellora.

Sesión da terceira avaliación.

Nesta sesión realizarase unha avaliación do desenvolvemento da programación docente facendo maior fincapé nos seguintes aspectos:

- Grao no que se desenvolveu a programación docente.
- Valoración dos resultados académicos, é dicir, en que grao se conseguiron as aprendizaxes e competencias básicas previstas no alumnado.
- En que medida funcionaron as propostas de mellora introducidas nas anteriores sesións de avaliación.
- Análise xeral: valoración do conseguido, análise das posibles causas das dificultades atopadas, propostas de mellora e/ou revisión dalgúns aspectos da programación docente.

11- PROGRAMACIÓN DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

A LOMCE establece cambios na estrutura, nos obxectivos, na organización dos contidos e na metodoloxía da materia de Ciencias Sociais, que pasa a denominarse XEOGRAFÍA E HISTORIA e durante este curso 2016-17 se implanta en todos os niveis educativos.

11.1. CONTIDOS E METODOLOXÍA NA LOMCE

A materia de XEOGRAFÍA E HISTORIA engloba dúas materias diferenciadas tanto nos contidos coma na epistemoloxía: A Xeografía organízase, no primeiro ciclo, nos bloques titulados "O medio físico" e "O espazo humano", e en cuarto curso céntrase na globalización. A Historia estuda as sociedades ao longo do tempo, seguindo un criterio cronolóxico ao longo dos dous ciclos de ESO.

Na secuencia dos tres primeiros cursos de ESO tivéronse en especial consideración dous factores: por unha banda procurouse unha repartición o máis equilibrada posible entre a Xeografía e a Historia nos tres cursos e, por outra, intentouse secuenciar do xeral ao particular, traballando nos primeiros cursos con contidos máis globalizados e incrementando o nivel de complexidade á medida que se avanza na etapa. Dese xeito, procúrase ir da identificación e da localización dos primeiros cursos en Xeografía cara a realización de tarefas máis elaboradas no remate da etapa. A Historia recibe un tratamento semellante, pois os contidos cos que o alumnado traballará nos primeiros cursos presentan un enfoque máis xeral, que abrangue o devir humano ata o século XVIII e deixa o derradeiro curso da etapa para o estudo da historia contemporánea. En todo caso, a evolución histórica dos dereitos da muller ata a actualidade debe formar parte do desenvolvemento curricular a aplicar na aula.

Deberase ter en conta o traballo de todos os elementos transversais do currículo cando cumpra. Neste sentido, merecen unha mención especial a educación cívica, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, e o traballo con tecnoloxías da información e da comunicación. A materia de Xeografía e Historia é un vehículo adecuado para animar ao emprendemento. Ademais, o

desenvolvemento sustentable e o medio, os riscos de explotación e o abuso e maltrato son ineludibles.

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo cando cumpra de aprendizaxes máis simples, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. Xeografía e Historia permite desenvolver metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo e a aprendizaxe por proxectos estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación e cun enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas. É moi importante ter presente o papel do/da docente como orientador/a, promotor/a e facilitador/a do desenvolvemento competencial do alumnado, e non esquecer a adecuada coordinación entre docentes.

11.1.1. PRIMEIRO CURSO

11.1.1.1. SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN

Os tempos serán flexibles en función de cada actividade e das necesidades de cada alumno, que serán os que marquen o ritmo de aprendizaxe. Tendo en conta que o curso ten aproximadamente 34 semanas e considerando que o tempo semanal asignado a esta materia é de 3 horas, sabemos que no curso habería arredor dunhas 112 sesións. Cada profesor ou profesora deberá facer unha estimación da repartición do tempo por unidade didáctica segundo a súa programación de aula.

1º TRIMESTRE

TEMA 1. O PLANETA TERRA

- O Universo, o sistema solar e a Terra
- Os movementos da Terra (I). A rotación
- Os movementos de rotación (II). A translación
- A representación do espazo terrestre

TEMA 2. O MEDIO FÍSICO DA TERRA.. COMPOÑENTES BÁSICOS

- As capas da Terra
- As formas de relevo
- Como se forma e como se modifica o relevo?
- Situación e relevo de España
- A hidrosfera
- Auga salgada e auga doce

TEMA 3. O MEDIO FÍSICO DA TERRA.. OS CONTINENTES

- O mapa físico dos continentes (I). Asia
- O mapa físico dos continentes (II). América
- O mapa físico dos continentes (III). África
- O mapa físico dos continentes (IV). Europa
- O mapa físico dos continentes (V). Antártida e Oceanía

TEMA 4. OS GRANDES CONXUNTOS BIOCLIMÁTICOS DA TERRA

- Os Grandes conxuntos bioclimáticos. A zona cálida.
- Os Grandes conxuntos bioclimáticos. A zona temperada.
- Os Grandes conxuntos bioclimáticos. Os desertos.
- Os Grandes conxuntos bioclimáticos. A zona fría.
- Os Grandes conxuntos bioclimáticos. A montaña.

2º TRIMESTRE

TEMA 5. O MEDIO FÍSICO DE EUROPA

- O mapa físico de Europa (I). O relevo continental.
- O mapa físico de Europa (II). As augas. Mares, lagos e ríos
- O mapa físico de Europa (III). O tempo e o clima
- Os bioclimas de Europa.

TEMA 6. O MEDIO NATURAL E AS ACTIVIDADES HUMANAS

- O medio e os recursos naturais
- O medio como risco
- Os riscos naturais e o desenvolvemento desigual
- A acción do ser humano sobre o medio ambiente
- As solucións aos problemas ambientais globais

TEMA 7. A PREHISTORIA

- Idades e fontes da prehistoria
- Orixe e evolución do ser humano
- A vida no Paleolítico (I)
- A vida no Paleolítico (II)
- A vida no Neolítico
- A vida na Idade dos Metais (I)
- A vida na Idade dos Metais (II)
- A Prehistoria en España e Galicia

TEMA 8. MESOPOTAMIA

- As primeiras civilizacións históricas
- O espazo e o tempo
- Organización política e económica
- Sociedade, relixión e vida cotiá
- O legado cultural e artístico

3º TRIMESTRE

TEMA 9. EXIPTO

- Unha antiga civilización fluvial
- A organización política e social
- A economía exipcia
- Aspectos da vida cotiá
- A relixión exipcia
- O legado cultural e artístico

TEMA 10. GRECIA

- A evolución histórica. Época arcaica
- A evolución histórica. Épocas clásica e helenística
- A organización política das polis
- A economía e a sociedade
- Aspectos da vida cotiá
- A relixión e a cultura
- A arte grega. A arquitectura
- A arte grega. A escultura e a cerámica

TEMA 11. ROMA

- O espazo e a evolución histórica. A Monarquía.
- A República (509-27 a.C.)
- O Imperio (27 a.C.- 476 d.C.)
- As actividades económicas
- A sociedade e a vida cidadá
- Relixión e cultura romanas
- A arte romana. A arquitectura
- A arte romana. Escultura, pintura e mosaico.
- Os xermanos. O fin dunha era.

TEMA 12. ESPAÑA E GALICIA NA ANTIGÜIDADE

- A España prerromana (I). A diversidade cultural
- A España prerromana (II). Celtas e Íberos
- Galicia na época prerromana
- A Hispania romana. Conquista e romanización
- A Hispania romana. A organización do territorio
- Relixión, cultura e arte hispanorromanas
- Galicia na época romana.

11.1.1.2. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 1º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. O medio físico				

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 1º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b e f g	B1.1. A Terra: a Terra no Sistema Solar.	B1.1. Coñecer o Sistema Solar e establecer as relacións entre os movementos da terra e a existencia das estacións e do día e da noite, e comprender a súa importancia na distribución dos climas e da Biota.	XHB1.1.1. Interpreta como influen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta.	CAA CMCCT CD
			XHB1.1.2. Analiza un mapa de fusos horarios e diferencia zonas do planeta de similares horas.	CAA CMCCT CD
b e f g	B1.2. Representación da Terra. Escala e linguaxe cartográfica.	B1.2. Identificar e distinguir os sistemas de representación cartográfica, en soporte analóxico e dixital, e as súas escalas	XHB1.2.1. Clasifica e distingue proxeccións, e compara unha proxección de Mercator con unha de Peters.	CAA CMCCT CD
b e f g	B1.3. Proxeccións e sistemas de coordenadas. Imaxes de satélite e os seus principais usos.	B1.3. Analizar e identificar o mapa, e coñecer as imaxes de satélite e os seus usos principais.	XHB1.3.1. Clasifica e distingue tipos de imaxes de satélite e mapas.	CAA CMCCT CD
b e f g	B1.4. Localización. Latitude e lonxitude.	B1.4. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas.	XHB1.4.1. Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais características.	CAA CMCCT CD
			XHB1.4.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa, utilizando datos de coordenadas xeográficas.	CAA CMCCT CD
b e f g h	B1.5. Trazos principais do relevo do mundo. Clima: elementos e factores. Diversidade climática no planeta.	B1.5. Localizar no mapamundi físico as principais unidades do relevo mundiais, os grandes ríos e as grandes zonas climáticas, e identificar as súas características.	XHB1.5.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial.	CAA CMCCT CD
b e f g h	B1.6. Medio físico do mundo e de Europa: relevo e hidrografía.	B1.6. Ter unha visión global do medio físico europeo e mundial, e das súas características xerais.	XHB1.6.1. Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais.	CAA CMCCT CD CCL

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 1º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			XHB1.6.2. Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflectan os elementos máis importantes.	CAA CMCCT CD CCL
b e f g h m	B1.7. Medio natural europeo: principais trazos.	B1.7. Ser capaz de describir as peculiaridades do medio físico europeo.	XHB1.7.1. Explica as características xerais do relevo europeo.	CAA CMCCT CD CCL CAA
b e f g	B1.8. Unidades do relevo do espazo xeográfico europeo.	B1.8. Situar no mapa de Europa as unidades e os elementos principais do relevo continental.	XHB1.8.1. Localiza no mapa as unidades e os elementos principais do relevo europeo.	CAA CMCCT CD
b e f h m	B1.9. Conxuntos bioclimáticos do espazo xeográfico europeo.	B1.9. Coñecer, comparar e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico europeo.	XHB1.9.1. Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa.	CAA CMCCT CD CCL
			XHB1.9.2. Distingue e localiza nun mapa as zonas bioclimáticas do noso continente.	CAA CMCCT CD
b e f m	B1.10. Diversidade de espazos naturais europeos.	B1.10. Coñecer os principais espazos naturais do noso continente.	XHB1.10.1. Localiza nun mapa e en imaxes de satélite de Europa os principais espazos naturais.	CAA CMCCT CD
b e f g h m	B1.11. Medio natural: áreas e problemas ambientais.	B1.11. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente e as súas consecuencias.	B1.11.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.	CAA CMCCT CD CCL
Bloque 2. A Historia				
g l ñ	B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia.	B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.	XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son heranza do pasado.	CSC CCEC
g l ñ	B3.2. Fontes históricas.	B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas.	XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.	CSC CAA
			XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, sexan estas restos materiais ou textuais.	CSC CAA

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 1º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			XHB3.2.3. Compara dous relatos a distintas escalas temporais sobre as conquistas de Alexandre.	CSC CAA
l ñ	B3.3. Cambio e continuidade.	B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	CSC CMCCT
f l ñ	B3.4. Tempo histórico.	B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).	XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	CSC CMCCT
h l ñ	B3.5. Vocabulario histórico e artístico.	B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.	CSC CCL
f l	B3.6. Evolución das especies e a hominización.	B3.6. Entender o proceso de hominización.	XHB3.6.1. Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana.	CSC CMCCT
f l	B3.7. Periodización da Prehistoria e a Idade Antiga.	B3.7. Datar a Prehistoria e a Idade Antiga, e distinguir a escala temporal de etapas como estas.	XHB3.7.1. Distingue etapas dentro da historia antiga.	CSC CMCCT
f g l	B3.8. Prehistoria e Idade Antiga: visión global.	B3.8. Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e os acontecementos históricos máis salientables da Prehistoria e da Idade Antiga, para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.	XHB3.8.1. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	CSC CMCCT CAA
c g h l ñ	B3.9.1. Paleolítico: etapas; características das formas de vida; cazadores colectores. B3.9.2. Neolítico: revolución agraria e expansión das sociedades humanas; sedentarismo; artesanía e comercio; organización social. B3.9.3. Prehistoria galega: megalitos e petróglifos.	B3.9. Coñecer as características da vida humana correspondentes aos dous períodos en que se divide a Prehistoria: Paleolítico e Neolítico.	XHB3.9.1. Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un.	CSC CCL CAA
			XHB3.9.2. Analiza a transcendencia da revolución neolítica e o papel da muller nela.	CSC CAA

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 1º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
l n	B3.10. Aparición dos ritos: restos materiais e artísticos; pintura e escultura.	B3.10. Identificar os primeiros ritos relixiosos.	XHB3.10.1. Recoñece as funcións dos primeiros ritos relixiosos como os da "deusa nai".	CSC CCEC
a c d g h l	B3.11. Idade Antiga: primeiras civilizacións urbanas. Mesopotamia e Exipto. Sociedade, economía e política.	B3.11. Coñecer algunhas características da vida humana neste período, así como o establecemento e a difusión de diferentes culturas urbanas, despois do neolítico.	XHB3.11.1. Describe formas de organización socio-económica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto.	CSC CAA CCL
g h l	B3.12. Idade Antiga: invención da escritura.	B3.12. Recoñecer a importancia da descuberta da escritura.	XHB3.12.1. Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos).	CSC CAA
f g h l	B3.13. Idade Antiga: historia de Exipto.	B3.13. Explicar as etapas en que se divide a historia de Exipto.	XHB3.13.1. Interpreta un mapa cronolóxico-xeográfico da expansión exipcia.	CSC CMCCT CAA
			XHB3.13.2. Describe as principais características das etapas históricas en que se divide Exipto.	CSC CCL
g h l	B3.14. Idade Antiga: relixión exipcia.	B3.14. Identificar as principais características da relixión exipcia.	XHB3.14.1. Explica como materializaban os exipcios a súa crenza na vida do alén.	CSC CCEC CCL
			XHB3.14.2. Realiza un mapa conceptual cos principais deuses do panteón exipcio.	CSC CCEC CAA
g h l	B3.15. Idade Antiga: arte en Mesopotamia e Exipto.	B3.15. Localizar e describir algúns exemplos arquitectónicos de Exipto e de Mesopotamia.	XHB3.15.1. Localiza nun mapa os principais exemplos da arquitectura exipcia e da mesopotámica.	CSC CCEC CAA
a c d g h l	B3.16. Mundo clásico. Grecia: as "polis" gregas e a súa expansión.	B3.16. Coñecer os trazos principais das polis gregas e a transcendencia do concepto de democracia.	XHB3.16.1. Identifica trazos da organización socio-política e económica das polis gregas a partir de fontes históricas de diferentes tipos	CSC CAA
			XHB3.16.2. Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais.	CSC CCL CAA
g l	B3.17. Mundo clásico. Grecia: expansión comercial e política das polis gregas.	B3.17. Entender a transcendencia do concepto de colonización.	XHB3.17.1. Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo.	CSC CAA

Xeografía e Historia. 1º ciclo de ESO. 1º curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a c d g l	B3.18. Mundo clásico. Imperio de Alexandre Magno e os seus sucesores: helenismo.	B3.18. Distinguir entre o sistema político grego e o helenístico.	XHB3.18.1. Elabora un mapa do imperio de Alexandre.	CSC CAA
			XHB3.8.2. Contrasta as accións políticas da Atenas de Pericles co imperio de Alexandre Magno.	CSC CAA
f g h l n	B3.19. Mundo clásico. Grecia e o helenismo: arte, ciencia, teatro e filosofía.	B3.19. Entender o alcance do clásico na arte e na cultura occidentais.	XHB3.19.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo.	CSC CCEC CCL
			XHB3.19.2. Dá exemplos representativos das áreas do saber grego, e discute por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica.	CSC CCEC CMCCT CAA CCL
a c d g l	B3.20. Mundo clásico: orixe e etapas da historia de Roma. República e imperio: organización política e expansión colonial polo Mediterráneo. Cristianismo.	B3.20. Caracterizar os trazos principais da sociedade, a economía e a cultura romanas, e recoñecer os conceptos de cambio e continuidade na historia da Roma antiga.	XHB3.20.1. Confecciona un mapa coas etapas da expansión de Roma.	CSC CAA
			XHB3.20.2. Identifica diferenzas e semellanzas entre as formas de vida republicanas e as do imperio na Roma antiga.	CSC CAA
g l n ñ	B3.21. Mundo clásico. Arte romana: arquitectura, escultura e pintura.	B3.21. Identificar e describir os trazos característicos de obras da arte grega e romana, diferenciando entre os que son específicos.	XHB3.21.1. Compara obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana.	CSC CCEC CAA
g l n ñ	B3.22. Península Ibérica: pobos prerromanos; Hispania romana; Gallaecia. Proceso de romanización. A cidade e o campo.	B3.22. Establecer conexións entre o pasado da Hispania romana e o presente.	XHB3.22.1. Fai un mapa da Península Ibérica onde se reflicten os cambios administrativos en época romana.	CSC CAA
			XHB3.22.2. Analiza exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade.	CSC CCEC CAA
			XHB3.22.3. Entende o que significou a romanización en distintos ámbitos sociais e xeográficos.	CSC CCEC

11.1.1.3. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E INDICADORES DE LOGRO: Grao mínimo de consecución 50% . Considerarase superada a materia cando o alumnado consiga cumprir a metade do total dos seguintes indicadores:

1. Identificar os elementos que compoñen o sistema solar e coñecer as dimensións e trazos da Terra.
2. Identificar o ángulo de inclinación do eixe da Terra respecto ó plano da eclíptica.
3. Relacionar a inclinación do eixe da Terra cos paralelos que delimitan as zonas bioclimáticas: Círculo Polar Ártico, Trópico de Cáncer, Ecuador, Trópico de Capricornio, Círculo Polar Antártico.
4. Identificar as zonas bioclimáticas do planeta: Frías, Temperadas e Cálida.
5. Identificar os movementos de rotación e translación.
6. Relacionar o efecto da rotación co día e a noite e o da translación coas estacións do ano.
7. Relacionar os fusos horarios cos graos da esfera terrestre e as 24 horas do día.
8. Calcular a diferenza horaria entre dous puntos determinados da Terra.
9. Diferenciar os tipos de proxección básicos: cilíndrica e cónica.
10. Identificar unha proxección de Mercator e outra de Peters recoñecendo as vantaxes e inconvenientes de cada unha delas para representar a Terra.
11. Calcular escalas cartográficas.
12. Diferenciar os distintos tipos de mapas: topográficos, temáticos
13. Distinguir distintos tipos de imaxes de satélite.
14. Representar as coordenadas terrestres diferenciando paralelos e meridianos.
15. Localizar nun planisferio varios puntos xeográficos do hemisferio norte e do sur.
16. Localizar puntos alonxados entre si sobre a Terra utilizando a rede de coordenadas xeográficas (un punto de referencia).
17. Localizar espazos xeográficos utilizando datos de coordenadas xeográficas (máis de un punto de referencia).
18. Identificar os climas máis representativos de cada zona climática do mundo a través da elaboración de climogramas

19. Diferenciar entre elementos e factores do clima e recoñecer os factores e os elementos que determinan o clima dun determinado territorio.
20. Establecer as características das grandes zonas climáticas da Terra.
21. Elaborar un mapa situando os principais climas do mundo.
22. Identificar no mapa de Europa a zona onde se dan os tipos de clima máis importantes.
23. Clasificar os climas identificados de cada zona de Europa (continental, mediterráneo, oceánico, de montaña) explicando as súas características termopluvométricas.
24. Comprender que é un bioma, localizar os principais biomas do planeta e sistematizar as súas principais características. (ecuatorial, tropical, desértica, mediterránea, etc.).
25. Localizar nun mapa os biomas máis importantes de Europa.
26. Identificar nun mapa físico de Europa os principais espazos naturais.
27. Recoñecer unha imaxe de satélite de Europa e identificar nela os principais espazos naturais.
28. Comprender como se produce a interacción do ser humano e o medio ambiente e que efectos recíprocos provoca.
29. Recoñecer os principais riscos naturais, así como os provocados pola acción do ser humano.
30. Ser quen de buscar páxinas web sobre problemas medioambientais actuais.
31. Describir e/ou expoñer un problema ambiental actual a partir da información obtida.
32. Nomear e identificar catro fontes históricas: elementos materiais, textos escritos, fontes orais e imaxes.
33. Interpretar información extraída de diferentes fontes.
34. A partir dunha cronoloxía dada, elaborar un eixe cronolóxico da prehistoria e a historia levando a el os feitos salientables que marcan o paso das Idades: Antiga, Media, Moderna e Contemporánea.
35. Elaborar un árbol xenealóxico ou un eixe cronolóxico do proceso de hominización desde os primeiros australopitecus ata a aparición do Homo Sapiens.
36. Establecer a diferenza entre prehistoria e historia.

37. Diferenciar as distintas etapas da prehistoria: paleolítico e neolítico.
38. Coñecer o xeito de vida dos grupos cazadores-recolectores da Prehistoria e analizar os restos materiais das súas actividades cotiás (ferramentas, obxectos de adorno, vestido, etc.) e as súas principais manifestacións artísticas.
39. Explicar as orixes do Neolítico, o desenvolvemento da agricultura e da gandería e o proceso de sedentarización dos grupos humanos
40. Relacionar o descubrimento da agricultura coas tarefas recolectoras da muller.
41. Analizar os cambios que se producen no Neolítico que o caracterizan como unha revolución e as consecuencias destes cambios.
42. Localizar e describir as áreas xeográficas nas que xurdiron as primeiras civilizacións urbanas.
43. Ordenar nun eixe cronolóxico as etapas da Historia Antiga: Primeiras civilizacións (Exipto, Mesopotamia), Grecia e Roma.
44. Recoñecer a importancia do desenvolvemento da metalurxia, a artesanía e máis o comercio na evolución social e cultural das sociedades.
45. Relacionar a aparición dos primeiros imperios coa apropiación do excedente agrario por unha clase social dominante e o descubrimento da metalurxia.
46. Analizar as principais características das civilizacións exipcia e mesopotámica (economía, sociedade, arte, etc.) e localizar no tempo as orixes da escritura.
47. Identificar nun mapa histórico-xeográfico da expansión exipcia a evolución do Imperio Antigo e do Imperio Novo desde o delta do Nilo ata as cataratas do Sur, relacionando coas principais dinastías.
48. Coñecer os aspectos máis significativos da relixión exipcia.
49. Delimitar no tempo e no espazo a civilización grega.
50. Analizar as raíces desta civilización no contexto dos cambios vividos na zona.
51. Comprender a evolución histórica da cultura grega.

52. Diferenciar de forma crítica os diferentes modelos de organización política, social e económica desenvolvidos na cultura helénica.
53. Identificar as principais características e as obras máis relevantes de cada unha das etapas artísticas gregas.
54. Relacionar algúns dos trazos da nosa civilización actual con aspectos propios da civilización grega.
55. Analizar as principais características da civilización grega (orixes, as polis, colonización, economía e sociedade).
56. Coñecer os aspectos máis importantes da cultura grega (filosofía, ciencia, poesía, teatro, relixión, arte).
57. Delimitar no tempo e no espazo a civilización romana.
58. Analizar as principais características da civilización romana (orixes, monarquía e república, economía e sociedade, caída do imperio)
59. Coñecer a evolución da expansión romana polo Mediterráneo.
60. Identificar as principais características e as obras máis relevantes da arte romana.
61. Relacionar algúns dos trazos da nosa civilización actual con aspectos propios da civilización romana.
62. Coñecer os aspectos máis importantes da cultura romana (arte, relixión).
63. Analizar as raíces da Antigüidade peninsular desde a chegada dos distintos pobos colonizadores.
64. Comprender as características dos diversos pobos que habitaban a Península na Antigüidade.
65. Diferenciar as etapas e o proceso de conquista e romanización de Hispania.
66. Identificar as principais características da Hispania romana e os restos da época que hoxe perduran.
67. Coñecer as circunstancias que rodearon a fin da Antigüidade na Península.
68. Localizar no tempo as distintas etapas de Galicia na prehistoria e na Antigüidade.
69. Analizar as raíces da Antigüidade en Galicia desde a chegada dos distintos pobos colonizadores.
70. Coñecer as características dos diversos pobos que habitaban en Galicia na Antigüidade.

71. Diferenciar as etapas e o proceso de conquista e romanización de Galicia.
72. Identificar as principais características da Galicia romana e os restos da época que hoxe perduran.
73. Coñecer as circunstancias que rodearon a fin da Antigüidade en Galicia.

RELACIÓN DE UNIDADES DE RELEVO QUE DEBERÁN RECOÑECER NOS MAPAS

Nesta selección de unidades de relevo tívose en conta a base que os alumnos deben traer de primaria, ampliándose os accidentes xeográficos destas zonas para aumentar os contidos dun xeito gradual.

MAPA DE ÁFRICA

CABOS: Boxador, Verde, Boa Esperanza, Agullas, Guardafuí.

ILLAS: Cabo Verde, Canarias, Madagascar.

GOLFOS: Gabés, Guinea, Benguela, Adén, Sidra.

BAHÍAS: Sofala, Maputo.

MACIZOS ANTIGOS: Etiópico, Tibesti, Ahaggar, Drakensberg

CORDILLEIRAS DE PREGAMENTO: Atlas, (Atlas Sahariano).

PICOS: Kilimanxaro

RÍOS: Nilo, Níxer, Congo, Zambeze, Limpopo

FALLAS: Rif Valley

PENÍNSULAS: Somalia

DESERTOS: do Sahara, de Libia, de Nubia, de Arabia, de Kalahari.

LAGOS: Chad, Victoria, Malawi, Tanganica

ESTREITOS: Bab el Mandab, Gibraltar, Canal de Mozambique, Canal de Suez (artificial).

MARES: Vermello.

MAPA DE ASIA

CABOS: Lopatka, Comorin.

ILLAS: Xapón (Honshu, Shikoku, Kyushu), Kurís, Filipinas, Borneo, Sumatra, Java, Ceilán, Formosa, Sajalín

GOLFOS: Pérsico, Omán

CORDILLEIRAS DE PREGAMENTO: **Himalaia, Zagros, Montes Tauro, Urais**

MESETAS: **Meseta de Mongolia, Meseta do Tibet**

PICOS: **Everest**

MARES: **Mar de Bering, Mar de Xapón, Mar de China Oriental, Mar de China Meridional, Mar Arábigo, Mar de Aral, Mar Caspio**

RIOS: **Obi, Yenisei, Lena, Amarello, Azul (Iang-Tse-Kiang), Mekong, Ganxes, Indo, Tigris, Eúfrates.**

PENINSULAS: **Kanchatka, Coreia, Indochina, Malaca, Indostán, Arábigo, Anatólia**

DESERTOS: **Gobi (reg)**

LAGOS: **Baikal**

ESTREITOS: **Bering, Coreia, Bab el Mandab**

MAPA DA ANTÁRTIDA (Antártida oriental e occidental)

MACIZOS ANTIGOS: **Escudo antártico**

CORDILLEIRAS DE PREGAMENTO: **Montes Transantárticos**

MESETAS: **Meseta Polar**

PENÍNSULAS: **Península Antártica**

PLATAFORMAS DE XEO: **Larsen**

MAPA DE OCEANÍA, AUSTRALIA e NOVA ZELANDIA

Micronesia, Polinesia, Melanesia (Nova Guínea, Novas Hébridas, Nova Caledonia).

CORDILLEIRAS DE PREGAMENTO: **Gran Cordilleira Divisoria**

MAPA DE AMÉRICA

CABOS: **Cañaverall, Hornos**

GOLFOS: **bahía de Hudson, golfo de San Lorenzo, golfo de Mexico, golfo de Honduras, golfo de California, golfo de Alaska, bahía de Todos os Santos**

ILLAS: **Groenlandia, Grandes Antillas (Cuba, Española, Jamaica), Pequenas Antillas (Porto Rico) Terra de Fogo**

PENINSULAS: **Labrador, Florida, Yucatán, California, Alaska**

MACIZOS ANTIGOS: **Montes Apalaches, Macizo das Guaianas**

CORDILLEIRAS DE PREGAMENTO: **Montañas Rochosas, Andes, Serra Madre**

MARES: **Mar do Labrador, Mar Caribe, Mar de Bering**

ESTREITOS: **Magallanes, Bering**

RIOS: **Yukon, San Lorenzo, Mississipi, Misouri, Río Grande, Amazonas, Orinoco, Paraná.**

DESERTOS: **de Atacama**

LAGOS: **Grandes Lagos** (Superior, Michigan, Hurón, Eire, Ontario)

MAPA DE EUROPA

CABOS: **Norte, San Mathieu, San Vito, Matapán**

GOLFOS: **Botnia, Finlandia, Vizcaya, León, Génova**

MARES CONTINENTAIS: **Báltico, Mediterráneo, Blanco, Negro, Azov**

MARES LITORAIS: **Cantábrico, Tirreno, Adriático, Jónico, Egeo**

MARES PECHADOS: **Caspio**

ESTREITOS: **Canal da Mancha, Canal do Norte, Estreito de Gibraltar, Estreito de Bósforo, Estreito de Dardanelos**

PENINSULA: **Kola, Escandinava, Jutlandia, Bretaña, Ibérica, Itálica, Balcánica, Crimea, Peloponeso**

ILLAS: **Islandia, Británicas (Irlanda, Gran Bretaña), Baleares, Córcega, Cerdeña, Sicilia, Creta, Chipre**

RIOS: **Pechora, Vístula, Oder, Elba, Rin, Sena, Loira, Garona, Ródano, Po, Danubio, Don, Volga, Ural**

CORDILLEIRAS DE PREGAMENTO: **Montes Escandinavos, Cadena Penina, Alpes, Apeninos, Balcanes, Cárpatos, Cáucaso, Ural**

11.1.1.6. COMPETENCIAS CLAVE E A SÚA AVALIACIÓN

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

- Definir termos xeográficos e históricos.
- Ler e comprender textos xeográficos e históricos.
- Sintetizar textos xeográficos e históricos.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

- Calcular e comparar distancias.
- Facer operacións sinxelas con medidas de ángulos (fusos horarios)
- Orientarse nun plano.
- Localizar puntos nun mapa.
- Interpretar e analizar imaxes xeográficas.
- Interpretar e analizar mapas xeográficos e históricos.

COMPETENCIA DIXITAL

- Buscar información en internet.
- Obter información de distintos medios.
- Interpretar e expoñer a información.

COMPETENCIA SOCIAIS E CÍVICAS

- Informarse e saber expresar por diversas canles o compromiso ante problemas xeográficos, históricos ou artísticos.
- Aprender o valor do propio patrimonio ambiental, histórico e cultural.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI

- Interpretar e analizar imaxes históricas.
- Datar axeitadamente diversos acontecementos.
- Interpretar e comentar obras artísticas.
- Datar correctamente diversas obras de arte.

APRENDER A APRENDER

- Elaborar mapas conceptuais.
- Realizar cadros comparativos.
- Elaborar e analizar eixes cronolóxicos.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITU EMPRENDEDOR

- Buscar información sobre feitos xeográficos e históricos.
- Participar de forma activa en debates.

Para a avaliación das Competencias clave terase en conta a relación entre estas e os estándares de aprendizaxe que figuran nos cadros do apartado 11.1.1.2.